

## Que présa!

Á primeira hora da mañá, o baño é o cuarto máis visitado da casa. Todos teñen moita présa!

-Papá, cando saes? -pregunta Alberte, impaciente.

-Cando acabe de afeitarme! -berra o pai desde dentro.

Andrea, que chega nese momento polo corredor, exclama:

-Poderías deixar barba e bigote, papá! Gañaríamos tempo polas mañás...

-De acordo, filla -contesta o pai rindo-. Fareino se ti cortas a melena!

Andrea toca os cabelos espesos e rizados que lle caen polo lombo abaixo e que tanto lle gustan.

-Nin falar diso!

